

## IIº CERTAME DE PINTURA AO AIRE LIBRE “FERNANDO Á. DE SOTOMAYOR”

Sábado, 27 xullo 2013

Ponteceso – A Coruña

1.- Poderán participar neste certame todos os artistas que o desexen. Cada autor só presentará **unha obra** e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2.- A execución, o estilo e a técnica serán libres e a súa temática xirará exclusivamente en torno á vila de Ponteceso. Os espazos da vila a pintar serían: Praza do Recheo, Paseo Fluvial, Casa de Pondal, avenida Eduardo Pondal, Feira da Trabe. A execución será directa diante do modelo paisaxístico.

3.- Pode realizarse unha **preinscrición** no correo electrónico fundacioneduardopondal@gmail.com. As **inscricións definitivas** realizaranse na Praza do Recheo o propio día do certame no momento do selado dos soportes e serán **gratuítas**. O certame terá lugar o sábado 27 de xullo de 2013.

4.- Cada participante levará o **material** que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído o cabalete onde se exporá finalmente a súa obra.

5.- O soporte non sobrepasará as **medidas** 100x81 cm e presentarse o día do certame de 9 a 11 da mañá na Praza do Recheo para ser selado.

6.- O tempo para presentar as obras rematará ás 17 h e realizarase no control establecido na Praza do Recheo.

7.- O **xurado**, composto por profesionais das artes plásticas, emitirá o seu ditame ás 18.30 h.

8.- A partir do ditame, os autores dos cadros non premiados en metálico poderán poñer á venda as súas obras, asinándoas previamente e poñéndolles na parte traseira o seu importe. Esta exposición ó aire libre prolongarase ata as 20.30 h.

9.- As obras premiadas en metálico pasarán a ser propiedade das entidades patrocinadoras.

10.- Os **oito premios en metálico**, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán os seguintes:

Primeiro: **1.200,00 €** co patrocinio de Tanatorios Grupo Bergantiños, peza de olería de Buño e catálogo de Sotomayor cedido pola Fundación Barrié.

Segundo: **800,00 €** co patrocinio de Tanatorios Grupo Bergantiños, peza de olería de Buño e catálogo de Sotomayor cedido pola Fundación Barrié.

Terceiro: **600,00 €** co patrocinio de Construcciones López Cao, peza de olería de Buño e catálogo de Sotomayor cedido pola Fundación Barrié.

Cuarto: **500,00 €** co patrocinio de Seguros Sueiro, peza de olería de Buño e catálogo de Sotomayor cedido pola Fundación Barrié.

Quinto: **400,00** € co patrocinio de Banco de Santander, peza de olaría de Buño e catálogo de Sotomayor cedido pola Fundación Barrié.

Sexto: **400,00** € co patrocinio de Construcciones Ramón Cotelo, peza de olaría de Buño e catálogo de Sotomayor cedido pola Fundación Barrié.

Sétimo: **400,00** € co patrocinio de Construcciones Esteban Seoane, peza de olaría de Buño e catálogo de Sotomayor cedido pola Fundación Barrié.

Oitavo: **400,00** € co patrocinio de Instalaciones Eléctricas Mariño peza de olaría de Buño e catálogo de Sotomayor cedido pola Fundación Barrié.

11.- Habrá **catorce premios** sen dotación económica que consistirán nunha xornada de **alojamento** ou **degustación gastronómica** nos seguintes establecementos hostaleiros: Turismo de Galicia, hotel rústico A Torre de Laxe, hotel Playa de Laxe, apartamentos Porto Cabana, hotel Monte Blanco, apartamentos Playa de Osmo, hotel Fonte do Fraile, restaurante Artabria, restaurante A Mundiña, restaurante Mar de Ardora, restaurante San Francisco, restaurante Miramar, Casa Eiroa e restaurante A Pesqueira. Os patrocinadores destes premios non terán dereito á obra galardoada.